



SESION EXTRAORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 17 DE XUÑO DE 2.020

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e cinco minutos do día dezasete de xuño de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Francisco Antonio García Fornos, D^a Tamara Ballesteros Vidueira, D. Francisco Fernandes Pires, D^a Cristina Clavería Alves e D^a Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG; e xustifican a súa ausencia D. José Rodríguez Gómez do PSdeG e D. Jesús Río Piornedo do PP, actuando como Secretario da Corporación D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ao obxecto de celebrar a Sesión de Pleno en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 9/03/2020.

Por asentamento unánime dos membros asistentes deuse aprobación a Acta da sesión anterior correspondente coa celebrada o 9/06/2020

2º.-APROBACIÓN CONTA XERAL 2019

Vista a Conta Xeral do exercicio 2019, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2019 xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.

Visto que se finalizaron os devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello emitiu o informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2019.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia data 13 de marzo a Conta Xeral -xuntamente co informe de devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que non se formularon alegacións contra da mesma.

Visto o informe da Comisión Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, adopta por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar por unanimidade dos membros asistentes a Conta Xeral do Concello do Exercicio 2019.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Consello de Contas e do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

3º.-APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2020.

Visto que existen gastos extraordinarios dos que non se pode demorar o pago, atendendo asimismo a cuestións relacionadas coas consecuencias do COVID 19 para o os





que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría faise precisa a modificación de créditos do Orzamento baixo a modalidade de crédito extraordinario, con cargo ao remanente líquido de tesouraría, polo que mediante providencia da Alcaldía de data 10 de xuño do 2020 se inicia o expte 2/2020 de modificación de créditos extradordnarios financiados con cargo ó Remanente Líquido de Tesoureria .

Considerando a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, faise precisa a modificación de créditos de devandito Orzamento baixo a modalidade de crédito extraordinario, atendendo asimismo cuestións relacionadas coas consecuencias do COVID 19 para o Concello

Visto que con data 10 de Xuño do 2020, emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaba a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

Visto que con data 11 de Xuño do 2020, emitíuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que con data 20 de Xuño do 2020, emitíuse informe de Intervención polo que se informou *Favorablemente* a proposta de Alcaldía e, con data 11 de Xuño do 2020 elaborouse Informe de Intervención sobre Avaliación de Regras Fiscais.

Visto o informe-proposta de Secretaría e o Ditame da Comisión Informativa de Facenda, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, a proposta da Comisión Informativa de Facenda adopta por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2/2020 na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
161	22100	ELECTRICIDADE	10.000,00	3.000,00	13.000,00
161	22701	ABTO AUGA	30.000,00	10.000,00	40.000,00
1622	22799	SOGAMA	26.400,00	5.000,00	31.400,00
165	21300	MANTENIMENTO INSTALACIONES	4.000,00	4.000,00	8.000,00
165	22100	ALUMEADO PUBLICO	36.000,00	6.000,00	42.000,00
172	13100	APROL RURAL	15.650,00	7.000,00	22.650,00
231	22105	S. SOCIAIS. ALIMENTOS	0,00	3.000,00	3.000,00
231	22110	S SOCIAIS. PROD LIMPEZA	0,00	5.000,00	5.000,00
323	22799	C.E. I.P LIMPEZA	1.000,00	3.000,00	4.000,00
342	21200	INS.DEPORTE MANTENIMENTO	2.000,00	3.000,00	5.000,00
920	22002	INFORMATICA SOTFWARE	0,00	8.000,00	8.000,00
Aplicación	Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais	Aplicación
920	22103	COMBUSTIBLES	1.000,00	3.000,00	4.000,00
920	22200	TELECOMUNICACIONES	1.200,00	3.000,00	4.200,00
920	22699	GASTOS DIVERSOS	0,00	4.000,000	4.000,00
944	42000	DEVOLUCION P.T.E	9.000,00	2.000,00	11.000,00
		TOTAL	136.250,00	69.000,00	205.250,00

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesouraría, nos seguintes termos:

Altas en concepto de ingresos





Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
		870.00	REMANENTE TESOURERIA GASTOS XERAIS	69.000,00
			TOTAL INGRESOS	69.000,00

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

A insuficiencia ou inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a estas finalidades específicas, por incremento de gastos relacionadas coas consecuencias do COVID 19 e outros.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

4º.- ADHESIÓN PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA.

Expón o Alcalde-Presidente o interese para o Concello de A Mezquita de formar parte da rede europea do "PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA"

Sinala que esta iniciativa pretende asumir un compromiso de redución das emisións de CO2 e contribuir a paliar os efectos do cambio climático.

O Pleno da Corporación por unanimidade adopta o seguinte **ACORDO**:

1º.- Sumarse ao Pacto dos Alcaldes para o clima e a enerxía e comprometerse a:

- 1- Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
- 2- Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
- 3- Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidade derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as acción clave que planean levar a cabo.
- 4- Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sintura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
- 5- Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
- 6- Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
- 7- Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
- 8- Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
- 9- Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.





5º.- SORTEO INTEGRANTES MESAS ELECTORAIS PROCESO ELECCIÓN PARLAMENTO GALEGO DO 12 DE XULLO DE 2020.

Realizado o correspondente sorteo público para elixir os membros para a constitución das mesas electorais a formar con motivo da convocatoria das "ELECCIÓN Ó PARLAMENTO GALEGO" o día 12 de xullo, resultan elixidas as personas que a continuación se relacionan para os cargos que se reseñan, de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e os efectos do establecido nos artigos 27.5 e 101.2 de dita lei:

SECCIÓN	001	MESA	A			
<u>TITULARES</u>						
PRESIDENTE/A: Don/Dona. PRESIDENTE/A: D/Dª.		PURIFICACION VIDUEIRA GUERRA	D.N.I. D.N.I.	76709338Z	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	580
1er. VOGAL: Don/Dona. 1º VOCAL: D/Dª.		JOSE ANTONIO BALLESTEROS PRIMO	D.N.I. D.N.I.	16643413S	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	51
2º VOGAL: Don/Dona. 2º VOCAL: D/Dª.		JAVIER BARJA PIDAL	D.N.I. D.N.I.	76712395N	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	71

<u>SUPLENTES</u>						
DE PRESIDENTE/A: Don/Dona. DE PRESIDENTE/A: D/Dª.		MARIA JOSE GARCIA RODRIGUEZ	D.N.I. D.N.I.	44453856P	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	316
DE PRESIDENTE/A: Don/Dona. DE PRESIDENTE/A: D/Dª		MARIA GARCIA RODRIGUEZ	D.N.I. D.N.I.	76733446H	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	315
DE 1er. VOGAL: Don/Dona. DE 1º VOCAL: D/Dª.		MARIA DEL CARMEN DOS SANTOS CASTIÑEIRA	D.N.I. D.N.I.	34950490N	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	526
DE 1er. VOGAL: Don/Dona. DE 1º VOCAL: D/Dª.		MARIA DOLORES RODRIGUEZ RODRIGUEZ	D.N.I. D.N.I.	34729555S	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	71
DE 2º VOGAL: Don/Dona. DE 2º VOCAL: D/Dª.		VIDAL VICENTE MARTINEZ	D.N.I. D.N.I.	44474324Y	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	568
DE 2º VOGAL: Don/Dona. DE 2º VOCAL: D/Dª.		CONCEPCION COSTA CARNERO	D.N.I. D.N.I.	76711317S	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	145

SECCIÓN	001	MESA	B			
<u>TITULARES</u>						
PRESIDENTE/A: Don/Dona. PRESIDENTE/A: D/Dª.		ROBERTO MONTESINOS DOS SANTOS	D.N.I. D.N.I.	44469884M	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	183
1er. VOGAL: Don/Dona. 1º VOCAL: D/Dª.		JUAN SANTIAGO GONZALEZ RODRIGUEZ	D.N.I. D.N.I.	76725446E	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	160
2º VOGAL: Don/Dona. 2º VOCAL: D/Dª.		MANUEL ANTONIO DIEGUEZ PIORNEDO	D.N.I. D.N.I.	76720319R	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	64

<u>SUPLENTES</u>						
DE PRESIDENTE/A: Don/Dona. DE PRESIDENTE/A: D/Dª.		MARIA PILAR LABIAN MANZANARES	D.N.I. D.N.I.	18026853M	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	164
DE PRESIDENTE/A: Don/Dona. DE PRESIDENTE/A: D/Dª		PILAR DOS SANTOS BLANCO	D.N.I. D.N.I.	76711320H	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	70
DE 1er. VOGAL: Don/Dona. DE 1º VOCAL: D/Dª.		JOSE ANTONIO GOMEZ COUTIÑO	D.N.I. D.N.I.	76706762Z	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	169





DE 1er. VOGAL: Don/Dona. DE 1º VOCAL: D/Dª.	EMILIO LUIS GONZALEZ	D.N.I. D.N.I.	34628881N	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	64
DE 2º VOGAL: Don/Dona. DE 2º VOCAL: D/Dª.	ROBERTO DOS SANTOS ROSA	D.N.I. D.N.I.	15393695W	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	78
DE 2º VOGAL: Don/Dona. DE 2º VOCAL: D/Dª.	SEGISFREDO PEREZ FERRERO	D.N.I. D.N.I.	76704684Y	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	198

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as vinte horas e cincuenta minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

